

## SOLICITUDE DE VALORACIÓN DE TRABALLOS NOS QUE SE REQUIRA A RECOLLIDA DE DATOS EN DEPARTAMENTOS OU EN CENTROS DOCENTES PÚBLICOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

O presente documento achégavos información sobre un trámite que debedes cumprir se os vosos traballos de fin estudos (TFG ou TFM) requiren a colaboración dalgún departamento da [Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades](#) ou comportan a recolleita de datos en centros educativos de titularidade pública. Consta de dúas partes. Na primeira, titulada *Procedemento*, enuméranse os pasos que cómpre dar para cumprilo.. Na segunda, que leva o nome de *Marco normativo*, preséntanse as normas xurídicas que obrigarón á Facultade de Ciencias da Educación a introducir o devandito trámite

### **Procedemento**

1. A través da [intranet](#) da Facultade, debedes encher un formulario mediante o cal faredes a solicitude de valoración por parte do Comité de Ética e Mediación.
2. Seguidamente, tedes que enviar unha mensaxe de correo electrónico ao/á docente que vos titoriza, a fin de pedirlle que exprese a súa conformidade ante a solicitude que fixestes na *intranet*.
3. Para cada solicitude recibida, a Secretaría Académica da Facultade designará, de entre os membros do Comité de Ética e Mediación, un/unha docente encargado/a de verificala.
4. Se o/a docente designado/a considera que algún apartado da solicitude se debe revisar, daranse os seguintes pasos:
  - O/a docente designado/a notificaralle a incidencia á Secretaría Académica, por medio dunha mensaxe electrónica (remitida a [secretaria.educacion@udc.gal](mailto:secretaria.educacion@udc.gal)).
  - A Secretaría Académica contactará con vós (vía correo electrónico) para advertirvos que debedes emendar todas as deficiencias detectadas na vosa solicitude.
  - Completada a emenda dos defectos, escribirédeslle ao/á docente que vos tutela e dirixe, e preguntarádeslle se está conforme cos cambios que introducistes na solicitude.
  - A continuación, escribiredes ao enderezo da Secretaría Académica para comunicar que xa fixestes todos os cambios demandados e que contades co visto e prazo do/a docente que vos titoriza.
  - A Secretaría Académica volverá contactar co/coa docente designado/a para verificar a vosa solicitude, e pediralle que comprobe se reparastes os defectos que sinalara.
5. Cando o/a docente designado/a acepte a vosa solicitude, esta figurará na *intranet* como «verificada».
6. O Comité de Ética e Mediación, que se reunirá, ordinariamente, no derradeiro venres de cada mes, valorará as solicitudes verificadas e emitirá un informe ao respecto, que vós poderedes descargar da *intranet*.

### **Marco normativo**

A [Instrución 4/2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, F. P. e Universidades, para a autorización de realización de estudos no ámbito educativo](#) (asinada por Manuel Vila López, secretario xeral técnico, o día 17 de abril de 2023) impón condicións sumamente estritas aos investigadores que vaian pedir a colaboración da Consellería, de calquera dos seus departamentos ou do persoal (e o alumnado) dos centros de ensino que dela dependen:

Para a realización **de calquera estudo, traballo de investigación ou similares** para os que se requira a participación de departamentos da consellería ou de centros docentes públicos dependentes desta, tanto se os seus impulsores son persoas que presten os seus servizos para esta consellería como se se trata de entidades públicas ou privadas alleas á mesma, deberá solicitarse a súa validación pola Secretaría Xeral Técnica (páx. 1; énfase engadida)

Posteriormente, a Comisión de Valoración de Investigacións, constituída por representantes da Consellería e por cultivadores/as da investigación educativa que traballan nas universidades públicas de Galicia, aprobou un [acordo](#) que desenvolvía e precisaba algúns puntos da referida instrución (asinado por María C. Sáenz de Cenzano Lousa, secretaria da Comisión, o día 4 de xaneiro de 2024). Entre as disposicións acordadas, a seguinte reviste especial importancia para nós e noso centro:

[A]s peticións relativas a traballos que impliquen recollida de datos no marco de Traballos de Fin de Grao (TFG) e de Fin de Máster (TFM), aínda que supoñen unha primeira aproximación á cuestión investigadora, **non serán considerados como investigacións[,] senón como traballos académicos**. Como tales[,] estímase que **non precisan da valoración por parte desta Comisión[,] pero deberán contar coa validación do Comité de Ética da facultade correspondente**. Os datos recadados non poderán ser utilizados por si mesmos ou de xeito acumulado para unha finalidade distinta da propia da materia[,] como [a] publicación de estudos científicos. Para poder utilizar os datos con esa finalidade[,] deberá realizarse unha proposta de investigación[,] independente e desvinculada da materia[,] que será valorada como tal (páxs. 1-2; énfase engadida).

Delegando a validación —cando se trata de traballos de fin de estudos— nos Comités de Ética das facultades, a Comisión de Valoración de Investigacións mira polos intereses dos seus integrantes e mais polos dos/as estudantes universitarios/as. Dado que cada ano se escriben centenaes de TFG e TFM no eido das Ciencias da Educación, facer que moitos deles pasen pola peneira da Comisión de Valoración implicaría unha carga de traballo esmagadora para o seu persoal e atrasos calamitosos para os/as futuros/as docentes. A fin de evitar eses dous graves inconvenientes, permitiuse que a validación se solicitase e concedese (ou denegase) dentro do recinto de cada facultade de Educación.